



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 15 de xaneiro de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 15 de xaneiro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 08/01/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/10

Visto o escrito de Dona Sheila Miguel Padín e/n **Vial Santa Eulalia S.L.**, para facer prácticas de manobra e destreza na zona de aparcamento de vehículos situada no Polígono Industrial do Pousadoiro, a Xunta de Goberno Local autoriza a realización das prácticas co seguinte horario:

- Horas en inverno de 08:00 a 12:00/ de 14:00 a 16:00 e de 20:00 a 21:00 horas.
- Horas en verán de 08:00 a 12:00/ de 14:00 a 16:00 e de 22:00 a 24:00 horas.

PRP2018/11

Dáse conta de escrito presentado por **Dona Carmen Blanco Rey** solicitando a revisión do horario da reserva de carga e descarga na Avda. López Ballesteros para adaptalo ás necesidades dos comercios situados na zona.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que segundo a vixente ordenanza Municipal de Circulación as reservas de carga e descarga de carácter xeral están sometidas a réxime de limitación de horario, que se fixa de 7,00 a 12,00 horas e de 15,00 a 18,00 horas de luns a sábados agás festivos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Sra. Blanco Rey que se estudará a posibilidade de modificación de horarios na Ordenanza Municipal.

PRP2018/12



Dáse conta de escrito de **D. Luis Punín Sumay** no que solicita a sinalización de algunha praza reservada a persoas con discapacidade, nas inmediacións da Rúa Eduardo Pondal.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza á altura do nº 4 da citada Rúa, mediante colocación de sinal vertical S-17 e sinalización horizontal de fondo cor azul e sendos pictogramas, e cunhas dimensións mínimas de 5 metros de lonxitude por 2 metros de ancho.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D Mario Vázquez).

PRP2018/13

Dáse conta do escrito presentado por **D Eladio Lema Gómez**, solicitando que se complete a sinalización na Rúa Bouza de Cea.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á substitución do mastro do cartel situado en Perrón – Rubiáns, así como á colocación de sinal R-308 para completar a sinalización horizontal de liñas continuas de cor amarelo en Bouza de Cea.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez).

PRP2018/14

Dáse conta de escrito presentado por **D. Daniel Mella Villar** solicitando a instalación dun espello que mellore a seguridade para incorporación á circulación dende inmovible situado na Rúa Acevo nº 7.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

PRP2018/15

Dáse conta de informe da Policía Local, en relación ás sinais de orientación, dirección situadas nas proximidades da rotonda que regula o tráfico na confluencia das Rúas PO-528, acceso á VG 4.3, Rúa Santamariña, Camiño do Piñeiro e Rúa da Cruz, no que propoñen a realización dos seguintes cambios:

SINAL 1: cambio de situación do sinal que indica Fontecarmoa, IES Fermín Bouza Brey e Campo de Fútbol a Lomba (todos con frecha á esquerda), poñéndoa antes da saída da rotonda en dirección á PO-528 (retirar o 21, que di Faxilde á esquerda).

SINAL 2: Hai un sinal tipo S-300 que indica na mesma dirección A Pelada, Piñeiro, Fontecarmoa e Faxilde, e habería que borrar Piñeiro e Fontecarmoa, e no seu lugar poñer Cemiterio e Campo de Fútbol.

SINAL 3: Hai un sinal solto que indica Cemiterio de A Pelada, e pódese utilizar colocando correctamente para indicar O Piñeiro.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á realización dos cambios propostos.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez).

PRP2018/16

Dáse conta de Proposta da Concellería de Seguridade Cidadá en relación coa previsión de materiais necesarios para os traballos de sinalización vial, mediante a compra continuada de materiais para marcaxe de sinalización horizontal (pintura, brochas, disolventes, etc), para o ano 2018, estimándose o gasto previsto en 12.000,00 €.



A Xunta de Goberno Local acorda tomar en consideración dita proposta e que se faga unha retención inicial de 12.000 € con cargo á partida 132.22108.

PRP2018/17

Dáse conta de Proposta da Concellería de Seguridade Cidadá en relación coa previsión de materiais necesarios para os traballos de sinalización vial, mediante a compra continuada de materiais para reposición de espellos e sinalización vertical para o ano 2018, estimándose o gasto previsto en 3.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local acorda tomar en consideración dita proposta e que se faga unha dotación inicial de 3.000,00 € con cargo á partida 132.22108.

PRP2018/18

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias, S.L.** para pintado do vehículo matrícula E1055BBS, que foi cedido polo Departamento de Emerxencias para o Servizo Municipal de Obras, por un importe total de 2.477,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/19

Vista a proposta do encargado do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Instalaciones Ecovila, S.L.** para a substitución de bombas circuladoras no Centro de Educación Especial, por un importe total de 1.119,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/64

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Intermaco, S.L.** para subministro de 96 metros de tubaxe de 315 Ø, para a reparación do saneamento na Avda. López Ballesteros, por importe total de 1.666,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Emprego

PRP2018/3

Dáse conta do escrito presentado por **D. Adrián Pino Barrio** comunicando a súa renuncia á subvención que lle foi concedida dentro do Programa de Axudas á Contratación por conta allea (Expte. 2017-0929-11), por ter recibida polo mesmo concepto, outra subvención por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria dentro do procedemento TR349A.

Dáse conta dos informes emitidos pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local e pola Intervención Municipal nos que se indica que procede o reintegro da subvención concedida.

A Xunta de Goberno Local acorda:



- 1.- O reintegro do principal da subvención aboada ao interesado, que ascende a 2.750,00 €, máis os xuros de demora dende a data de pagamento ata a data do acordo de reintegro, que ascenden a 13,28 €.
- 2.- Dar traslado ao Departamento de Tesourería para a tramitación do correspondente expediente de reintegro.

PRP2018/4

Dáse conta da convocatoria da Deputación Provincial, publicada no BOP de 3 de xaneiro de 2018, das bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención, por un importe total de 319.283,15 € (cunha aportación municipal de 81.161,68 €) ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Concellos 2018-2019) para a contratación de 36 traballadores a tempo completo, a tempo completo e por un período de nove meses ao abeiro da citada convocatoria.

PRP2018/5

Dáse conta de acordos da Deputación Provincial de Pontevedra de prórroga das bolsas do Plan de Práctica Laboral na Deputación e en Concello da Provincia de Pontevedra, ata o 18 de xuño de 2018, aos seguintes bolseiros:

Nº	Expte	Titulación	Apelidos e nome	Importe (€)
99	C065	Dpl/grao en Traballo Social	Losada Acero M ^a José	800,00
76	C125	Mestre/Grao en Educación Primaria	García Beloso Sara	800,00
22	C001	Ciclo Superior Admon. Sistemas Informáticos en Rede	Ballesteros Fraga Oscar José	700,00

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/49

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Cuevas, S.L.** para o subministro e colocación d 5 barreiras contra a auga para a Casa de Cultura, por un importe total de 1.451,93 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/57

Vista a solicitude de D. José Luis Sanz Acosta, en representación **A.C.M. Sociedad Filarmónica de Vilagarcía**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 25 de xaneiro de 2018, en horario de 20:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha Asemblea Xeral da citada Sociedade, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.



Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/58

Dáse conta da sinatura do Convenio de Colaboración entre a Fundación Bancaria “La Caixa” e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o desenvolvemento do proxecto solidario “Festiclown 2.0 Multisede” , polo que a Fundación “La Caixa” realizará unha aportación a favor do Concello de 12.000 € para o citado proxecto.

A Xunta de Goberno queda sabedora e acorda dar a súa conformidade ó convenio asinado.

PRP2018/59

Dáse conta da sinatura do Convenio de Colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Entidade Ticketea, S.L. para o patrocinio e a promoción do espectáculo “Jurásico: La Isla Perdida”, producido pola Compañía Categórica Producións, S.L., polo que a citada Entidade aporta a cantidade de 3.000,00 €.

A Xunta de Goberno queda sabedora e acorda dar a súa conformidade ó convenio asinado.

PRP2018/60

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases para a celebración do Entroido 2018, os días 11 e 13 de febreiro, coa celebración de distintos actos (Festival de Comparsas o día 11 de febreiro no Salón de Actos do Auditorio e Desfile de disfraces e carrozas o martes 13 de febreiro), e co establecemento dos premios e gastos que figuran nas mesmas.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/61

Dáse conta da Proposta da Concellería de Urbanismo na que se sinala, entre outros, o seguinte:

No mes de xullo de 2017 a empresa EPTISA comunicou ao Concello a decisión de finalizar a actividade de “consultoría asistencia técnica para a revisión do PXOM” e ao mesmo tempo plantexa a viabilidade dunha cesión do citado contrato a outra empresa con solvencia técnico-profesional.

Posteriormente a Secretaria e a Xefa do Departamento de Contratación informan desfavorablemente a cesión do citado contrato a un terceiro, por entender que o contrato asinado no seu día coa empresa Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L. non se atopa vixente na actualidade e polo tanto non é posible a cesión do mesmo.

Neste momento atópase na Dirección Xeral e Calidade Ambiental e Cambio Climático o documento de revisión de PXOM (documento inicial estratéxico) coa finalidade de iniciar a avaliación ambiental estratéxica, estando pendente de remisión a ese organismo por parte do Concello diversa documentación para que poida realizarse unha análise urbanística completa do devandito documento de revisión do PXOM.

Ante a complexidade da situación existente, xa que, segundo o informe xurídico municipal non é posible a cesión do contrato asinado no seu día por EPTISA e por outra banda procede cumprimentar o requirimento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental para dar continuidade aos traballos de elaboración da revisión do PXOM, a Xunta de Goberno Local ACORDA:



1. Dar por finalizado o contrato de consultoría e asistencia para a revisión do PXOM de Vilagarcía de Arousa, asinado coa empresa Eptisa o 7 de xuño de 2008, xa que se atopa vencido o prazo de 4 anos da súa duración total.
2. Requirir á empresa EPTISA para que entregue ao Concello toda a documentación realizada, así como un informe no que se indiquen os traballos que restan por executar e se quedan traballos pendentes de facturar ao concello.
3. Que polo Departamento de Contratación se liciten os traballos de revisión do PXOM dende o seu estado actual ata a súa aprobación inicial.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:45 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.